

CRITERIOS PARA A APROBACIÓN DE MÁSTERS A IMPLANTAR NO CURSO 2009-2010

(aprobados na sesión do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008)

A Universidade de Santiago de Compostela entende que de cara a configurar a oferta de másters oficiais para o curso 2009-10 debemos diferenciar dúas vías de aprobación diferentes:

A) A asociada á transformación dos Programas de Doutoramento regulamentados polo RD 778/98 para a súa adaptación ao RD 1393/07

B) A proposta de novos másters que deberá guiarse polos criterios de oportunidade e de calidade na elaboración da oferta, cos que operamos no curso pasado; é dicir, tendo en conta os criterios estratéxicos para a USC, de optimización dos recursos existentes, de pertinencia socioeconómica para Galicia e de oportunidade (por exemplo, a de ofertar 60 Créditos). Recordamos, unha vez máis que estes criterios son provisionais ata que todas as incertezas se depexen e se complete a oferta de grao.

Neste sentido o proceso de avaliación e selección das propostas presentadas, atenderá para os másters cumprimentados neste punto, aos seguintes criterios:

1. Os Master que se aproben tenderán a configurar unha oferta que cubra as cinco grandes áreas de coñecemento e os dous Campus e deberán inscribirse nas seguintes liñas estratéxicas para a Universidade de Santiago de Compostela :
 - a) Ser interuniversitarios e inseridos en redes internacionais de calidade.
 - b) Atender a potencial demanda nos distintos sectores produtivos e da Administración e a ausencia de oferta de posgrao na USC nesa área .
 - c) afianzar o posicionamento e a singularidade da USC tanto no Sistema Universitario Galego como no do Estado Español.
 - d) Inserirse en ámbitos de compromiso social, en liña coas medidas de responsabilidade social que ven desenvolvendo a USC.

2. Atendendo ao criterio de prudencia, teranse en conta as seguintes limitacións para a aprobación de novos POP para o curso 2009-2010:
 - a) Aprobaranse un máximo de 10 novos *másters* [entre os que haberá presenza, equilibrada sempre en función do cumprimento dos criterios antes expresados, de cada unha das cinco grandes áreas de coñecemento e dos dous Campus].

 - b) Non se aprobará ningún programa que aborde ámbitos temáticos coincidentes cos xa atendidos pola oferta docente actual.

3. Para a aprobación dos Master terase en conta a eficaz e eficiente utilización dos recursos dispoñíbeis, tendendo a:
 - a) Cubrir as necesidades de profesorado do Master cos recursos xa existentes, ben por non exceder a capacidade actual das áreas de coñecemento, ben por acadar a capacidade suficiente mediante a reorganización da oferta de optatividade e libre configuración.
 - b) Dispor dos medios materiais necesarios para unha docencia de calidade .
 - c) Aproveitar os recursos dispoñíbeis dentro do SUG (mesmo dentro do Estado), polo que se primarán os Master interuniversitarios nos que os recursos –

instalacións, equipamento e profesorado- aportados por cada unha das universidades participantes sexan significativos e redunden nunha mellora conxunta da oferta.

- d) Ter apoio explícito das administracións ou institucións coas que a USC mantén colaboracións estables.
4. Valorarase a calidade dos Master propostos, medida cos parámetros habituais para instalacións, equipamento, calidade e innovación docente do programa no marco do EEES, calidade do profesorado propio e externo, porcentaxe de profesorado doutor, número de sexenios do profesorado.
5. O Consello de Goberno poderá tomar as medidas adecuadas para garantir que se cumpran os criterios anteriores nas novas propostas de máster, ou de reorganización da oferta de Master en función das novas propostas e circunstancias.

En canto aos másters contemplados no punto A), **Transformación dos Programas de Doutoramento regulamentados polo RD 778/98 para a súa adaptación ao RD 1393/07**, será de aplicación o seguinte:

Na medida en que un programa de doutoramento novo ten que ter como período de formación de al menos 60 créditos ECTS dun máster ou varios másters oficiais, estes criterios serán de aplicación, no que corresponda, a másters oficiais que proporcionen total ou parcialmente o período de formación a un ou varios programas de doutoramento. Os mesmos establecen requisitos mínimos a satisfacer ou a prever polos vellos programas de doutoramento que se transforman en novos, no seu caso e no que corresponda, ou polos novos, en todo caso e no que corresponda. A tales requisitos a USC a través dos mecanismos previstos para a toma de decisións sobre másters oficiais e sobre novos programas de doutoramento poderá establecer aqueles outros requisitos que se estimen convenientes para garantir a calidade e a viabilidade deses másters e deses programas de doutoramento.

Segundo as mencionadas *Liñas xerais*, no tocante a **programas conducentes ao título de Doutor**, no seu apartado VI contéplanse as seguintes vías de implantación dos novos programas de doutoramento e extinción dos actuais:

- A. vía de transformación a partir dos actuais programas de doutoramento regulados polo RD 778/1998.
- B. vía de transformación a partir dos actuais estudos de doutoramento regulados polo RD 56/2005.
- C. vía de propostas *ex novo*.

Vía A.

Os novos programas de doutoramento que transformen vellos programas de doutoramento regulados polo RD 778/1998 deben, segundo as *Liñas xerais*, estar nalgunha da seguintes situacións:

- a. provir dun vello programa de doutoramento con Mención de Calidade;
- b. provir dun único vello programa de doutoramento con un número mínimo de estudantes matriculados nos tres últimos anos na USC e uns niveis de calidade acreditados no relativo a tese defendidas, e ter uns niveis de calidade previstos no concernente a docentes doutores vinculados ao novo programa;

- c. provir de varios programas actuais que se xuntan para facer unha única oferta coherente para o período de formación, de maneira que o conxunto de programas actuais cumpran os requisitos establecidos no anterior apartado 'b)'. Ademais, no caso dos vellos programas de doutoramento estes podían ser:
 - 1. Exclusivos da USC;
 - 1.1. De oferta anual;
 - 1.2. De oferta cada dous anos;
 - 2. Interuniversitarios;
 - 2.1. De oferta anual;
 - 2.2. De oferta cada dous anos.

Atendendo a dita casuística establécese que:

- i. Considérase transformable e inicialmente viable todo vello programa de doutoramento con Mención de Calidade que é exclusivo da USC.
- ii. Considérase transformable e inicialmente viable todo vello programa de doutoramento con Mención de Calidade que é interuniversitario e que tivera un mínimo de matrícula de 4 persoas na etapa formación (1ª vez) na USC por curso durante os tres últimos cursos (excluído o 2007-2008); condicionado isto sempre aos acordos que se adopten entre as universidades implicadas.
- iii. Considérase transformable e inicialmente viable todo vello programa de doutoramento que proveña dun único programa actual exclusivo da USC con aproximadamente 10 persoas matriculadas na etapa formación (1ª vez) na USC por curso, nos tres últimos cursos (excluído o 2007-2008); catro teses durante os tres últimos cursos na USC. No caso de que o vello programa de doutoramento sexa de oferta cada dous anos, entón o número de teses e de estudantes a ter en conta redúcese á metade, e tomarase como referencia os dous últimos cursos nos que se fixo oferta de etapa de formación de primeiro (incluído, se procede, o 2007-2008).
- iv. Considérase transformable e inicialmente viable todo vello programa de doutoramento que proveña dun único programa actual interuniversitario con aproximadamente 4 teses durante os tres últimos cursos na USC (excluído o 2007-2008) e al menos 4 persoas matriculadas na etapa formación (1ª vez) na USC por curso nos tres últimos cursos (excluído o 2007-2008); condicionado isto sempre aos acordos que se adopten entre as universidades implicadas. No caso de que o vello programa de doutoramento sexa de oferta cada dous anos, entón o número de teses e de persoas matriculadas a ter en conta redúcese á metade, e tomarase como referencia os dous últimos cursos nos que se fixo oferta de etapa de formación de primeiro (incluído, se procede, o 2007-2008).
- v. No caso de que varios programas vellos, todos eles con Mención de Calidade, se xuntan para presentar unha única oferta coherente para o período de formación, tales programas, conxuntamente, deben satisfacer os anteriores requisitos "i" ou "ii", segundo o caso. No caso de que varios programas vellos, algún deles sen Mención de Calidade, se xuntan para presentar unha única oferta coherente para o período de formación, tales programas, conxuntamente, deben satisfacer os anteriores requisitos "iii" ou "iv", segundo o caso.
- vi. Os novos programas exclusivos da USC deberán ser impartidos por profesorado co título de doutor e entre eles deberán existir polo menos 6 da USC con traxectoria investigadora acreditada vinculados ao programa coas súas respectivas liñas de investigación (que poden ser comúns a varios deles).

- vii. Os novos programas interuniversitarios deberán ser impartidos por profesorado co título de doutor e entre eles deberán existir polo menos 3 da USC con traxectoria investigadora acreditada vinculados ao programa coas súas respectivas liñas de investigación (que poden ser comúns a varios deles).
- viii. A traxectoria investigadora acreditada virá dada por ter cando menos: 1 sexenio ou 3 publicacións relevantes nos 5 últimos anos ou ter dirixido 2 teses nos 4 últimos anos. Excepcionalmente a Comisión de Doutoramento e a Comisión de Titulacións poderá considerar, nos seus respectivos informes, outras circunstancias para xustificar a traxectoria investigadora acreditada de doutoras e doutores, tendo a potestade final para aceptar ou non tales circunstancias o Consello de Goberno.
- ix. Un máster oficial unicamente investigador exclusivo da USC deberá garantir unha matrícula mínima media aproximada de 10 persoas por curso. Se é interuniversitario deberá garantir unha matrícula mínima de alumnado na USC que sexa proporcional aos docentes que a USC proporciona ao máster (sobre a base dunha mínima aproximada de 10 persoas no máster interuniversitario); ademais, débese ter en conta o aporte da USC ao máster en outro tipo de medios, factor este que pode propiciar que a matrícula mínima na USC se aumente o diminúa respecto ao anterior criterio por decisión do Consello de Goberno, a proposta do/a vicerreitor/a responsable da oferta correspondente.
- x. Un máster oficial que sexa parcialmente investigador e proporcione o período de formación a un ou varios programas de doutoramento deberá garantir unha matrícula media aproximada de 20 persoas por curso. Se é interuniversitario deberá garantir unha matrícula mínima de alumnado na USC que sexa proporcional aos docentes que a USC proporciona ao máster (sobre a base dunha mínima aproximada de 20 persoas matriculadas no máster interuniversitario); ademais, débese ter en conta o aporte da USC ao máster en outro tipo de medios, factor este que pode propiciar que a matrícula mínima na USC se aumente o diminúa respecto ao anterior criterio por decisión do Consello de Goberno, a proposta do/a vicerreitor/a responsable da oferta correspondente.

Vía B.

Os novos programas de doutoramento que transformen estudos de doutoramento regulados polo 56/2005 deben, segundo as *Liñas xerais*, se transformarán consonte ao que estableza a lexislación para eles. Nese momento, na medida do posible, acomodaranse ao previsto nestes criterios.

Vía C.

Os novos programas de doutoramento de propostas *ex novo* requirirán que se fixe como obxectivo (cuxa viabilidade debe ser xustificada) ter:

- i. Os novos programas exclusivos da USC deberán ter polo menos 6 docentes doutores con traxectoria investigadora acreditada vinculados ao programa coas súas respectivas liñas de investigación (que poden ser comúns a varios deles).
- ii. Os novos programas interuniversitarios deberán ter polo menos 3 docentes doutores con traxectoria investigadora acreditada vinculados ao programa coas súas respectivas liñas de investigación (que poden ser comúns a varios deles).
- iii. A traxectoria investigadora acreditada virá dada por ter cando menos: 1 sexenio ou 3 publicacións relevantes nos 5 últimos anos ou ter dirixido 2 teses nos 4 últimos anos. Excepcionalmente a Comisión de Doutoramento e a Comisión de Titulacións poderá considerar, nos seus respectivos informes, outras circunstancias para xustificar a

traxectoria investigadora acreditada de doutores, tendo a potestade final para aceptar ou non tales circunstancias o Consello de Goberno.

- iv. Un máster oficial unicamente investigador exclusivo da USC deberá garantir unha matrícula mínima media aproximada de 10 persoas por curso. Se é interuniversitario deberá garantir unha matrícula mínima na USC que sexa proporcional aos docentes que a USC proporciona ao máster (sobre a base dunha mínima aproximada de 10 estudantes no máster interuniversitario); ademais, débese ter en conta o aporte da USC ao máster en outro tipo de medios, factor este que pode propiciar que a matrícula mínima na USC se aumente o diminúa respecto ao anterior criterio por decisión do Consello de Goberno, a proposta do/a vicerreitor/a responsable da oferta correspondente.
- v. Un máster oficial que sexa parcialmente investigador e proporcione o período de formación a un ou varios programas de doutoramento deberá garantir unha matrícula media aproximada de 20 persoas por curso. Se é interuniversitario deberá garantir unha matrícula mínima na USC que sexa proporcional aos docentes que a USC proporciona ao máster (sobre a base dunha mínima aproximada de 20 persoas matriculadas no máster interuniversitario); ademais, débese ter en conta o aporte da USC ao máster en outro tipo de medios, factor este que pode propiciar que a matrícula mínima na USC se aumente o diminúa respecto ao anterior criterio por decisión do Consello de Goberno, a proposta do/a vicerreitor/a responsable da oferta correspondente.